

# A teima de Xan

**D**a valía e recoñecemento de Antonio García Teijeiro como escritor non existe hoxe en día ningunha dúbida, como tampouco existe sobre o seu coñecemento do público infantil e da súa facilidade para achegarse a eles con éxito, algo que pode vir motivado pola súa profesión, pois o escritor exerce coma mestre ao tempo que se dedica a deleitar aos meniños e meniñas nas súas horas de lecer adicadas á lectura.

A crítica recoñeceu en varias ocasións o seu bo que-facer literario e concedéronlle premios dos máis prestixiosos e valorados coma o Merlín, ou o Pier Paolo Vaqueiro así como a súa inclusión na lista de honra da IBBY. A meirande parte da súa obra é poética, mais tamén lle ten dedicado tempo á escrita en prosa e así desta volta a editorial Galaxia vén de publicar *A teima de Xan*, unha novela para rapaces de a partir de doce anos que contribúe, sobre todo, a ir inserindo a quen lle xa en textos máis maduros e críticos dos lidos ata o momento.

Trátase dunha novela en catro partes que comeza co falecemento do tío de Xan nun asilo de anciáns. A partir deste suceso o protagonista comeza lembrar os momentos vividos co

---

## Revitalizar a memoria histórica

---



Paula Fernández

---



seu tío, unha persoa de grande e atractiva personalidade á que tardou moito tempo en coñecer pois na súa casa había un grande silencio sobre no que a el

se refería xa que, como puido saber co tempo, vivía na fraga dende os tempos da ditadura por non quere sucumbir ante o réxime. Grazas a un mestre da escola, Xan puido coñecer Peixoto, seu tío, e saber tamén como era a outra parte da historia que lle contaran seus pais, sumisos ante o réxime. Conseguiron ter unha boa relación despois de se atopar e xuntos conseguiron ir engrandecendo as súas vidas e coñecementos.

Agrada recoñecer ambientes na novela e tamén tipos xa que a familia de Xan podería ser case calquera que na actualidade tivese un fillo de arredor dos cincuenta anos; pai que traballa e nai que queda na casa coidando aos rapaces, unha típica familia de finais da ditadura.

O texto cargado de emocións e sentimentos é ante todo unha novela de respecto e de revitalización da memoria histórica, non facer que os nenos non saiban nada sobre feitos cruciais por desagradable que sexa lembralos, telos informados e axudar a que consigan ter unha consciencia crítica que lles permita analizar o pasado co fin de mellorar o seu presente e o seu futuro.

---

GARCÍA TEJEIRO, A., *A teima de Xan*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 117 páxinas